

PRESENTACIÓN

I

Xa vai para dous anos no seo do Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia, cando o grupo de investigadores en economía e outras ciencias sociais das tres universidades que integramos o seu consello científico, debatimos sobre dos obxetivos e da oportunidade dun Congreso de Economía de Galicia, identificamos unha serie de puntos que sintetizaban as nosas aspiracións en relación co mesmo:

Queríamos que, dende unha orientación de economía aplicada e interdisciplinar atendera a dúas preocupacións centrais : Galicia e as súas necesidades de desenvolvemento, por unha banda, e as novas circunstancias da economía mundial en que este debe producirse, pola outra.

Queríamos que, aínda asumindo a variedade temática como cosustancial con un Congreso destas características, o perfil resultante do mesmo tivera homoxeneidade, ordenación, contornos precisos. Para o conquistar estableceronse cinco grandes áreas de adscripción de ponencias e conferencias, que pretenden abranger as cuestións cardinais do desenvolvemento económico de Galicia e ,ao tempo, unha elevada porcentaxe dos esforzos de investigación que se están a producir, e que son as que ordenan os textos que agora presentamos.

Aspirábamos a que o Congreso poidera contribuir a detectar, tomar o pulso, a academia, mostrar os estados de opinión, as metodoloxías, os temas que centran as áreas de preocupación e os esforzos, os camiños das investigacións. Creíamos e creemos que proxectar esos esforzos e enerxías cara adiante obríganos a estar atentos a, detectar valeiros, carencias, estar abertos as novas realidades, as novas necesidades, ó que a sociedade nos demanda. E que, nese sentido, iba ser de utilidade a visión panorámica que podía dar unha reunión deste tipo

Queríamos por último, que, en consonancia co carácter científico da institución que nos acolle, fora un lugar de encontro, aberto, plural, integrador e crítico, dos economistas e de todos aqueles outros profesionais e investigadores que se ocupan destas materias. Porque, as veces, as vicisitudes da vida académica ou do quefacer profesional cotidián, fan que moitas aportacións de interese circulen en paralelo, ou por camiños que non sempre converxen. Tentábamos, pois, criar un marco de debate colectivo, facilitando tanto a difusión das investigacións realizadas ou en curso como o intercambio de puntos de vista.

II

Sabiamos que para alcanzar eficazmente estos obxetivos tiñamos que buscar amplos apoios en varios frentes:

E así solicitamos e obtivemos o aval de moi siñificados representantes do mundo Institucional Económico que, de xeito exemplar e desinteresado, integraron o Comité de Honra do Congreso.

Demandamos o compromiso de investigadores destacados das Universidades galegas que, xunto cos científicos pertencentes ó IDEGA, nos permitiran ampliar o soporte científico do Congreso e garantir a súa pluralidade. Secundaron xenerosamente a nosa iniciativa mais de trinta dos mais cualificados investigadores de Galicia, representativos dos diversos sectores da comunidade científica, que formaron parte do Comité Científico

E, por ultimo, tamén perseguimos o patrocinio imprescindible para afrontar as necesidades materiais que conleva a celebración destes eventos, encontrando o apoio dos diversos organismos que se relacionan nas seguintes páxinas

A todos eles o noso agradecemento.

III

Vaia tamén o noso agradecemento para todosos Congresistas pola súa resposta a nosa convocatoria e pola súa participación, do que son unha boa mostra as mais de sesenta comunicacións e oito conferencias que recolleemos neste volume. Os mais de trescentos participantes teñen convertido o Congreso nun dos encontros mais representativos da nosa comunidade profesional no ámbito galego, o que pode ser unha aceptabel base de partida para que no futuro se consolide como lugar de encontro con siñificación especial .

Esperamos que o Congreso teña servido para multiplicar as confluencias, para que se teñan aberto novas vías de comunicación, e que os debates teñan sido minimamente esclarecedores, teñan servido para votar mais luz sobre das distintas cuestións tratadas. Un dos cometidos dun Instituto Universitario que ten como guía de actuación os estudos para o desenvolvemento de Galicia, é propiciar este tipo de comunicación, base, se cadra, de achegamentos, de debates, de sinerxias e de sínteses. E isto , alomenos, estamos certos de telo intentado . Se nalgún momento se obteñen os froitos esperados, probabelmente sexa esa unha das maneiras de contribuir o que todos, cada un dende o seu lugar e a súa responsabilidade, procuramos: un maior desenvolvemento desta terra e a un maior benestar das súas xentes.

Presentamos agora os textos debatidos e serán os lectores e toda a comunidade interesada quenes haberán de xulgar sobre do seu interese.

O Comité Organizador